

## Presentación

Estas Xornadas pretenden inspirar unha reflexión crítica sobre a necesidade de procurarmos un enfoque multimodal co que abordar o ensino da literatura galega.

Con este obxectivo, unha das sesións de traballo centrarase en explorar as diversas posibilidades de uso no entorno docente de recursos relacionados coas novas tecnoloxías.

Mais a multimodalidade camiña tamén por vieiros rozados, polo que se prestará atención a novas alternativas que ofrecen ferramentas pedagóxicas clásicas, como é o caso da expresión dramática, que podería servir para estimular diversos tipos de alumnado.

Por último, analizarase o potencial que posúen os recursos vencellados á paisaxe e á natureza, nun ámbito cada vez máis sensibilizado sobre as cuestións medioambientais, para educar ética e esteticamente a mocidade do século XXI.

## Destinatarios

As Xornadas concíbense como un foro de encontro do profesorado especialista en lingua e literatura galega, mais tamén aberto a todas aquelas persoas interesadas tanto en abordar os desafíos docentes que supón hoxe en día o ensino de calquera literatura en calquera nivel educativo, como na elaboración de recursos axeitados para afrontar eses desafíos.

## Organización

Dolores Vilavedra Fernández (dirección)  
Montse Pena Presas (dirección)  
Eduardo Moscoso Mato (secretaría)

## Matrícula

A inscrición, gratuíta, formalízase cubrindo o formulario que se encontra en  
<https://bit.ly/34lGHXJ>

O prazo para inscribirse remata o 15/11/2019

## MÁIS INFORMACIÓN

Departamento de Filoloxía Galega  
Facultade de Filoloxía  
Avd. Castelao s/n – Campus Norte  
15782 - Santiago de Compostela  
Tlfn: 881811786  
[xornada.llg@usc.es](mailto:xornada.llg@usc.es)

<http://www.usc.es/gl/congresos/xornadasllg>



DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA



DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICAS APLICADAS



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (ILG)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# NOVAS CORRENTES NO ENSINO DA LITERATURA GALEGA

## Unha proposta de diálogo co ensino secundario



## IV XORNADAS DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS NO ENSINO

22-23 de novembro de 2019

Facultade de Filoloxía

*Universidade de Santiago de Compostela*

Homologada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como actividade de 12 horas de formación permanente do profesorado

## VENRES, 22 DE NOVEMBRO

18:00 – 18:15 - Inauguración das xornadas

18:15 – 19:15 - Conferencia

**Rosalía Fernández Rial.** Doutora en Didáctica da Lingua e da Literatura pola USC e profesora no CPI As Revoltas (Cabana de Bergantiños)

**A expresión dramática como ferramenta pedagóxica para o ensino da lingua e a literatura**

19:15 – 19:45 - Coloquio

19:45 – 20:00 - Pausa

20:00 – 21:30 - Mesa redonda

**A vida é puro teatro! (ou a expresión dramática e as súas potencialidades nas aulas)**

**Vanesa Sotelo.** Dramaturga

**Paula Carballeira.** Escritora, actriz e directora teatral

**María Caamaño.** Profesora de Didáctica da Lingua e a Literatura na USC.

Modera: **Montse Pena**

21:30 – 22:00 - Coloquio

## SÁBADO, 23 DE NOVEMBRO (MAÑÁ)

10:30 – 11:30 - Conferencia

**María López Sáñez.** Profesora de Didáctica da Lingua e a Literatura na USC e profesora no IES Xulián Magariños (Negreira)

**Paisaxe e ideoloxía: unha reflexión para a didáctica**

11:30 – 12:00 - Coloquio

12:00 – 12:30 - Pausa

12.30-14:00 - Mesa redonda

**Do *Beatus ille* ao *Prestige*. Creación, formación e reivindicación.**

**Marilar Aleixandre.** Escritora e Catedrática de Didáctica das Ciencias Experimentais na USC

**María Xesús Nogueira.** Profesora de Literatura Galega na USC

**Carlos Rodríguez.** Profesor de ensino secundario e asesor de formación no CAFI

Modera: **María López Sandez**

14:00 – 14:30 -Coloquio

## SÁBADO, 23 DE NOVEMBRO (TARDE)

16:30 – 17:30 - Conferencia

**Zósimo López Pena.** Profesor na *Universidad Internacional de La Rioja* (UNIR)

**Pode ser útil a multimodalidade nas aulas?**

17:30 – 18:00 - Coloquio

18:00 – 18:30 - Pausa

18:30-20:00 - Mesa redonda

**Algunhas experiencias de uso de recursos multimodais no entorno docente**

**Jacobo Fernández Serrano.** Autor de banda deseñada

**Manuel Gago.** Xornalista, profesor de Xornalismo na USC e responsable de *culturagalega.org*

**Adrián Suárez.** Coordinador do máster en videoxogos *European Bussiness Factory*

Modera: **Dolores Vilavedra**

20:00 – 20:30 -Coloquio